

CONCELLO DE ABADÍN

SEPARATA N. 06



ÍNDICE

1.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO	1
1.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	1
1.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	1
1.2.1.	O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA	1
1.2.2.	PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO.....	4
2.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL.....	4
3.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	5
4.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	6
5.	ANEXO FOTOGRÁFICO	7
6.	ANEXO PLANOS.....	16

1. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

1.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Descrición do trazado

O trazado do Camiño do Norte no concello de Abadín percorre as parroquias de San Xoán de Romariz, Santiago de Quende, Santa María de Abadín, San Pedro de Candia e San Xoán de Castromaior.

O camiño do Norte entra no concello de Abadín pola parte alta do monte chamado O Outerio, ao sur do Monte de Santa Cruz, pasa xunto ao núcleo de Santa Cruz e un quilómetro mais adiante xunto ao de Fraamil. A continuación bordea o monte chamado O Foro pola súa ladeira noroeste. Máis adiante atopase ca pista que ven do lugar dos Carballiños. Nas proximidades do lugar chamado Os Titos o camiño continúa por unha pista asfaltada que leva a Gontán. A entrada en Gontán realízase pola continuación da pista que ten a denominación de Camiño Real. O camiño atravesa o núcleo pola avenida de Primo de Rivera, continúa pola rúa Real que enlaza ca denominada Avenida do Xeneral Franco, que a súa vez leva á estrada de Mondoñedo N-634. Despois de percorrer un treito duns douscentos vinte metros pola beiravía da estrada o camiño desvíase a dereita para continuar cara ao núcleo de Torre. A continuación o camiño baixa para cruzar o curso do rego de Abadín. Catrocentos metros mais adiante o trazado segue por unha pista que pasa por Ponterroxal e Os Castros, bordeando o xacemento castrexo existente neste lugar. Pasado Os Castros a ruta continúa por unha pista en dirección sur que pasa xunto ao lugar de As Prazas. O camiño continúa durante aproximadamente dous quilómetros paralelo á estrada N-634 no seu lado norte. Pouco antes de chegar ao núcleo de As Paredes o trazado empeza a desviarse lixeiramente cara ao norte. Mil douscentos metros mais adiante pasa polo núcleo de San Xoán de Castromaior, para cincocentos metros despois chegar ao límite municipal co concello de Vilalba.

Trazado complementario Mondoñedo - Gontán

O trazado complementario que une Mondoñedo con Gontán se inicia na Fonte Vella, nas proximidades da Praza da Catedral, segue pola rúa Fonte Vella e a rúa Rigueira ata encontrarse coa estrada CP 31-10. A partir deste punto o trazado continúa pola estrada, pasando por Barbeitas e Maariz, pasa ao sur de San Vicnete de Trigás e chega ata Lousada. Pasado Lousada o trazado desvíase por un camiño de terra á esquerda. Oitenta metros máis adiante o camiño cruza o rego da Pedra. Tras cruzar o rego o camiño entra no termo municipal de Abadín, a continuación pasa ao lado dunha antiga caleira, punto a partir do cal o camiño ascende pola aba ata a Igrexa de San Martiño de Galgao. Antes de chegar a igrexa o camiño atopase coa rotonda de acceso a autoestrada A-8, que nesta zona pasa a unha cota superior. O trazado vai paralelo ao noiro norte da autoestrada e, tras cruzar a vía de acceso á rotonda por un paso peonil, continúa paralela á autoestrada ata encontrarse co noiro dun paso elevado sobre a autoestrada, neste punto xira noventa grados para seguir polo camiño que leva á estrada N-634. Despois de atravesar a estrada nacional ao nordés do núcleo de A Xesta, o camiño continúa en dirección noroeste por unha pista de concentración parcelaria. No seguinte cruce o trazado xira noventa grados para seguir por outra pista en dirección suroeste. Pasa ao sur de Gontán de Arriba, e continúa pola pista ata enlazar con outra no lugar de Casanova, a continuación pasa ao norte do lugar de Os Péreces. O trazado segue o da pista pasando ao norte do lugares de As Corgas e Os Titos, para douscentos cincuenta metros máis adiante unirse ao camiño de ven de Mondoñedo polo monte do Foro e o Monte de Santa Cruz, douscentos metros antes de chegar a Gontán.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO

A proposta de trazado do camiño parte das informacións históricas sobre as rutas utilizados polos peregrinos que arribaban aos portos cantábricos e seguían o camiño a pé cara a Santiago de Compostela. Entre as varias descrições do camiño realizadas por peregrinos a través da historia a que refire con maior detalle o trazado do camiño Norte é a realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq, que fixo a súa viaxe a Santiago no ano 1790. No seu texto se indica o paso polos seguintes lugares identificables na cartografía histórica: Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba, Parga, Grixalba, San Bartolomé de la Mota e Sta. Igrexa (quizá unha referencia as dúas igrexas de Sabugueira xunto a A Lavacolla). As referencias ás edificacións e outros elementos vinculados ao camiño, como poden ser os hospitais de peregrinos establecidos ao longo do seu percorrido, serven para establecer e corroborar o seu trazado. Do mesmo xeito a relación co fenómeno da peregrinación dalgúns topónimos e microtopónimos permiten confirmar zonas e puntos de paso do camiño.

Para a definición da traza páttese da análise da cartografía histórica, sobre a que é posible identificar os antigos camiños reais, cuxo trazado pódese considerar herdeiro do dos antigos camiños de longo percorrido utilizados dende finais da Idade Media.

Nun seguinte paso realizase aproximación mais precisa, buscando a identificación dos trazados históricos no viario aínda existente na actualidade. Isto realízase mediante o estudo das fotografías aéreas do voo dos anos 1956-57 (Voo Americano) e a súa comparación cas fotografías aéreas actuais e os planos catastrais actuais e históricos, nos que é posible identificar camiños perdidos que seguen sendo de propiedade pública ou formas do parcelario que denotan a presenza de antigos trazados.

A delimitación definitiva da traza levase a cabo trala comprobación sobre o terreo das hipótese formuladas con anterioridade. Para isto levouse a cabo unha intensa labor de traballo de campo, que inclúe a documentación fotográfica do territorio que percorre o camiño e a recompilación de testemuñas dos veciños dos lugares da súa contorna, mediante metodoloxía etnográfica.

1.2.1. O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA


Os referentes principais para a definición do trazado dos camiños polos que transcorría o Camiño Norte dende a idade Moderna son a Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán, do ano 1845 e os planos provinciais de Lugo e A Coruña de Pascual Madoz dos anos 1864 e 1865 respectivamente. Nestes planos recóllense con precisión os camiños que no tempo de Fontán aínda atopábanse en uso e que en liñas xerais coincidirían cos trazados dos camiños fixados dende finais da Idade Media.

Como documento anterior á Carta de Domingo Fontán que contribúe a corroborar a validez dos planos antes sinalados utilízase o Plano do Bispado de Mondoñedo do ano 1764 realizado por José Cornide no que figura con precisión o trazado do Camiño entre Ribadeo e Grixalba, no concello de Sobrado.

Outro plano histórico de interese para a definición deste tramo do camiño é o de Tomás López do ano 1784, que aínda que se trata de dun traballo de gabinete baseado en informacións procedentes de diversas fontes, entre elas José Cornide, ven a corroborar e a matizar as informacións aportadas por outros autores.

Plano do Bispado de Mondoñedo de José Cornide (1764)


No Plano do Bispado de Mondoñedo de José Cornide aparece un camiño que unía Mondoñedo e Vilalba, cun trazado que pasa por La Enfesta, Gontán, Castromaior e Goiriz.



Plano do Bispado de Mondoñedo de José Cornide (1764)

Mapa Xeográfico do Reino de Galicia de Tomás López (1784)

O trazado entre Mondoñedo e Vilalba sae de Mondoñedo en dirección suroeste, indicándose como puntos de paso ou próximos ao camiño: Cesuras, Galgoa, La Infesta, Gontán, Abadín, Candia, Castromaior, Corbelle, Goyriz (Goiriz) e S. Cobade (Sancovade), en realidade ao sueste de Vilalba.




Mapa Xeográfico do Reino de Galicia de Tomás López (1784)

Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Na saída de Mondoñedo en dirección a Vilalba aparecen dous camiños o que bordea a Pena da boca polo sur, que en liñas xerais corresponderíase ca actual estrada N-634, e o que vai polo oeste pola "Cuesta de la Enfesta".

Da documentación cartográfica anterior a Fontán se deduce que o camiño mais antigo de comunicación entre Mondoñedo e Gontán é o que vai pola Enfesta, namentres que o trazado que pasa próximo a Sasdónigas é de construción mais recente.


Os dous camiños encóntranse pouco antes de chegar Gontán, para seguir como un camiño único que pasa por Abadín, Candia, Castromaior e Goiriz ata chegar a Vilalba.



Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Plano de Lugo de Francisco Coello y Pascual Madoz (1864)

Ao igual que na Carta de Domingo Fontán na saída de Mondoñedo cara ao sur aparecen dous camiños, o primeiro vai polo suroeste da Pena de la Boca e pasa por Prado, Sasdónigas, Pereces e Gontán de Abajo. O segundo vai pola Cuesta de la Infesta para unirse ao camiño anterior en Gontán. O camiño continúa por Abadín, Francés, Castromayor, Martiñán, Goiriz, lugar no que se fai referencia a un Cruceiro de San Roque, e Vilalba.



Plano de Lugo de Francisco Coello y Pascual Madoz (1864)

Trazado complementario Mondoñedo - Gontán

A incorporación do trazado complementario entre Mondoñedo e Gontán polo camiño que pasa por Barbeitas, Maariz, Trigás, Lousada e Galgao, responde á necesidade, formulada por distintos alegantes, de manter un trazado alternativo ao trazado do camiño que pasa por Santa Margarida e que atravesa os montes de Cesuras e Santa Cruz, dada a dificultade que pode supoñer para algúns peregrinos (persoas sen as condicións físicas adecuadas, peregrinos en bicicleta), a subida ao monte de Cesuras.


Tendo en consideración que o trazado que vai por Barbeitas, Maariz, Trigás, Lousada e Galgao xa goza dun certo arraigo, ao ser o utilizado na actualidade polos peregrinos e encontrarse sinalizado pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, ademais das súas magnificas condicións paisaxísticas e ambientais, adoptase dito trazado como trazado complementario, con menor dificultade para o peregrino, como alternativa ao trazado histórico que cruza o monte de Cesuras.

1.2.2. PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO




Trazado Mondoñedo - Gontán

Entre Mondoñedo e Gontán propónse a recuperación do antigo trazado que vai por A Enfesta, atravesando os montes do Pico e de Santa Cruz.

A ruta sinalizada na actualidade pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo segue un trazado sensiblemente paralelo ao da estrada N-634 pola parte baixa da ladeira, que atravesa os núcleos de Barbeitas, A Fraga do Rei, Moariz, Padín, Lousada e A Xesta e pasa ao sur de San Vicente de Trigás e San Lourenzo de Sasdónigas.




Variación do trazado do Camiño entre Mondoñedo e Gontán

Trazado do Camiño  Trazado con vestixios históricos 
Trazado S.A. de Xestión do Plan Xacobeo,  mantida como trazado complementario






2. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidade das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño no Concello de Abadín

 Moi Boa
 Boa
 Media
 Mala
 Moi mala

3. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago Norte baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno máis próximo. Os valos e noiros que definen os seus límites; a vexetación vinculada ao Camiño: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, paleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor relacionado coa traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediato ao Camiño e das vistas sobre a paisaxe máis afastado.

Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do Camiño dun ancho mínimo de cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. A delimitación pode verse incrementada para englobalas áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño, as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa ou que se atopan na súa contorna inmediata, e para incrementar a protección de determinadas zonas de interese ambiental, natural ou paisaxístico. Puntualmente en función das características do parcelario ou das edificacións situadas á beira do camiño a delimitación do ámbito de protección pode ter zonas máis estreitas, pero estas sempre terán un ancho superior ao da franxa de trinta metros de protección do contorno definida pola Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago.

Co obxecto de que o perímetro do ámbito do territorio histórico sexa identificable de xeito sinxelo sobre o terreo, este sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilízanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Abadín o ámbito do territorio histórico abarca partes do territorio das parroquias polas que pasa o Camiño: San Xoán de Romariz, Santiago de Quende, Santa María de Abadín, San Pedro de Candia e San Xoán de Castromaior.

Tramo Monte de Santa Cruz – Gontán

No seu percorrido entre o límite co concello de Mondoñedo e Gontán o camiño vai polos cumes do Monte de Santa Cruz e do Foro, nun tramo con magníficas vistas da paisaxe de vales e montes que se estende a varios quilómetros de distancia. A delimitación ten por obxecto a protección destas vistas sobre a paisaxe circundante e comprende as parcelas, principalmente dedicadas a usos forestais, situadas a ambas as dúas beiras do camiño.

Tramo Gontán – Rego de Santa Baia Castromaior

O territorio histórico inclúe dentro do seu ámbito de protección a totalidade dos núcleos de Gontán e Abadín, co obxecto de protexer as condicións ambientais do trazado do camiño.

A continuación se inclúen os lugares de Fernandaño, Torre e a igrexa parroquial de Santa María de Abadín.

Pasado o núcleo o trazado vai paralelo ao río Abadín durante uns cincocentos metros nun treito de especial interese paisaxística. A delimitación abrangue o curso de río e a vexetación autóctona situada ás beiras do camiño, que nalgunhas partes nesta zona adquire a configuración dunha congostra.

Despois de cruzara o río Abadín por unha ponte de madeira de recente construción, o ámbito de protección inclúe os lugares de Ponterroxal, Rozavella, O Cristo e Os Castros, comprendendo tamén o castro situado ao norte deste último núcleo.

Entre Os Castros e A Salgueira protéxense as vistas de lonxe en dirección leste, cara os montes sa serra de San Martiño.

O seguinte núcleo comprendido dentro do ámbito de protección é As Prazas. Pasado este núcleo o camiño continúa durante uns mil seiscientos metros por unha paisaxe na que os plantacións de eucaliptos se alternan cos prados.

Despois de cruzar a autoestrada A-8 por un paso elevado trazado continúa por varios camiños tradicionais, que nalgunhas tramos adoitan a configuración dunha congostra, ata chegar ao río Arnela. Neste tramo a protección ten por obxecto preservar as condicións paisaxísticas do trazado, incluíndo o arborado autóctono situado na contorna do camiño.

Neste tramo inclúese tamén no ámbito da delimitación os lugares de A Casanova, Chousa de Agosta, As Paredes e O Francés.

O camiño cruza o río Arnela por unha ponte de pedra cun arco de medio punto chamado A Ponte Vella. A delimitación inclúe a protección da ponte e da vexetación de ribeira neste tramo do río.

Pasado o río o trazado volve a cruzar a A-8 para seguir polo seu lado norte. Atravesa o núcleo de Castromaior, cuxas edificacións quedan totalmente comprendidas dentro da delimitación.

Entre Castromaior e o Rego de Santa Baia, que marca o límite co concello de Vilalba, o trazado vai por un camiño de terra de interese paisaxístico, no que a delimitación ten por obxecto a protección do seu arborado autóctono.

Trazado complementario Mondoñedo - Gontán

A delimitación do trazado complementario entre Mondoñedo e Gontán por Barbeitas, Maariz, Trigás, Lousada e Galgao supón tamén a delimitación do seu territorio histórico co obxecto de garantir a preservación dos valores ambientais, paisaxísticos, culturais e arquitectónicos vinculados ao trazado. Séguese o criterio adoptado noutras tramos similares de definir un ámbito de protección de aproximadamente cen metros a cada lado do camiño, que pode verse incrementado ao incorporarse sempre parcelas completas e as edificacións dos núcleos máis próximos ao camiño.

Co criterio anteriormente exposto, o ámbito de protección inclúe a totalidade das parcelas que lindan co camiño e aquelas parcelas que, aínda no lindando directamente con el, se encontran total ou parcialmente a menos de cen metros do seu borde.

A delimitación do ámbito de protección no concello de Abadín iníciase tras pasar o rego da Pedra. Entre este punto e o encontro coa autoestrada A-8, a delimitación segue o criterio antes exposto, incluíndo en xeral as parcelas situadas xunto ao camiño e aquelas comprendidas dentro dunha franxa duns cen metros. A partir do encontro coa autoestrada a delimitación polo lado sur do camiño faise coincidir co borde oposto da vía, mantendo como mínimo un marxe de trinta metros, de acordo coa Lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago. Polo lado norte se incorporan as parcelas próximas ao camiño, co mesmo criterio exposto anteriormente. Nesta zona queda incluído dentro do ámbito a totalidade do núcleo de A Xesta.

Tras pasar a estrada N-634, a delimitación ao sur do camiño ven definida pola propia estrada, incluíndo as edificacións situadas a súa beira e os núcleos de Casanova, Os Pérecos e Os Titos. A delimitación polo norte do camiño inclúe ás parcelas situadas a súa beira e nalgúns casos as situadas en segunda ou terceira fila, cando o tamaño das máis próximas é demasiado pequeno. A partir de Gontán de Arriba, que queda incluído no ámbito, a delimitación polo norte ven definida polo trazado da pista de concentración parcelaria que vai en dirección noroeste cara a Framil. Uns cincocentos metros antes de Framil a delimitación do trazado complementario se encontra co ámbito de protección do trazado do camiño que ven de Mondoñedo polos montes de Cesuras, Santa Cruz e do Foro, quedando a partir desta zona os dous trazados englobados nun mesmo ámbito de protección, ata o encontro dos dous camiños pouco antes de chegar a Gontán.

4. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Igrexa de Sta. María	Abadín	Abadín (Santa María)	Relixioso	622573	4802217
Cruceiro no adro da Igrexa	Abadín	Abadín (Santa María)	Cruceiro	622560	4802208
Casa do núcleo histórico de Abadín	Abadín	Abadín (Santa María)	Civil	623553	4802497
Peto de ánimas	Abadín	Abadín (Santa María)	Outros	623406	4802420
Igrexa de Sta. María	Castromaior	Castromaior (San Xoán)	Relixioso	618158	4800348
Ruínas da Capela de Santabaia	Castromaior	Castromaior (San Xoán)	Relixioso	617712	4800065
Cruceiro	Castromaior	Castromaior (San Xoán)	Cruceiro	617711	4800075
Casa na Avda. General Franco	Fraiás	Fraiás (San Pedro)	Civil	624193	4802741
Casa na Av. General Franco	Fraiás	Fraiás (San Pedro)	Civil	624358	4802843
Cruceiro no cruce de Fraiás	Fraiás	Fraiás (San Pedro)	Cruceiro	624322	4802835
Cruceiro con inscricións	Fraiás	Fraiás (San Pedro)	Cruceiro	624274	4802822
Capela da Virxe de Fátima	Quende	Quende (Santiago)	Relixioso	624254	4803025
Casarío á beira do Camiño na Rúa Primo de Rivera	Quende	Quende (Santiago)	Civil	624241	4803049
Cruceiro en solar	Quende	Quende (Santiago)	Cruceiro	624287	4803066
Cruceiro en solar	Quende	Quende (Santiago)	Cruceiro	624264	4802976
Cruceiro do Albergue	Quende	Quende (Santiago)	Cruceiro	624201	4803007
Fonte da Ruxica	Quende	Quende (Santiago)	Fonte	624203	4803263
Antiga Caleira	Galgao	Galgao (San Martiño)	Industrial	628324	4804504

5. ANEXO FOTOGRÁFICO

Trazado do Camiño Monte de Santa Cruz- San Xoán de Castro Maior



CNCA601001.JPG



CNCA601002.JPG



CNCA601003.JPG



CNCA601004.JPG



CNCA601005.JPG



CNCA601006.JPG



CNCA601007.JPG



CNCA601008.JPG



CNCA601009.JPG



CNCA601010.JPG



CNCA601011.JPG



CNCA601012.JPG



CNCA601013.JPG



CNCA601014.JPG



CNCA601015.JPG




CNCA601016.JPG



CNCA602001.JPG



CNCA602002.JPG



CNCA602003.JPG



CNCA603001.JPG



CNCA604001.JPG



CNCA604002.JPG



CNCA605001.JPG



CNCA605002.JPG



CNCA606001.JPG



CNCA606002.JPG



CNCA606003.JPG



CNCA606004.JPG



CNCA606005.JPG



CNCA606006.JPG



CNCA606007.JPG



CNCA606008.JPG



CNCA606009.JPG



CNCA606010.JPG



CNCA606011.JPG



CNCA606012.JPG



CNCA606013.JPG



CNCA606014.JPG



CNCA606015.JPG



CNCA606016.JPG



CNCA606017.JPG



CNCA606018.JPG



CNCA606019.JPG



CNCA606020.JPG



CNCA606021.JPG



CNCA607001.JPG



CNCA607002.JPG



CNCA607003.JPG



CNCA607004.JPG



CNCA608001.JPG



CNCA608002.JPG



CNCA608003.JPG



CNCA608004.JPG



CNCA608005.JPG



CNCA608006.JPG



CNCA608007.JPG



CNCA608008.JPG



CNCA608009.JPG



CNCA608010.JPG



CNCA608011.JPG



CNCA608012.JPG



CNCA608013.JPG



CNCA608014.JPG



CNCA608015.JPG



CNCA608016.JPG



CNCA608017.JPG



CNCA608018.JPG



CNCA608019.JPG



CNCA608020.JPG



CNCA608021.JPG



CNCA608022.JPG



CNCA608023.JPG



CNCA608024.JPG



CNCA608025.JPG



CNCA609001.JPG



CNCA609002.JPG



CNCA609003.JPG



CNCA609004.JPG



CNCA610001.JPG



CNCA610002.JPG



CNCA610003.JPG



CNCA610004.JPG

Trazado complementario Mondoñedo-Gontán. Tramo Rego da Pedra-Gontán



001 c.jpg



002 c.jpg



003 c.jpg



004 c.jpg



005 c.jpg



006 c.jpg



007 c.jpg



008 c.jpg



009 c.jpg



010 c.jpg



011 c.jpg



012 c.jpg



013 c.jpg



014 c.jpg



015 c.jpg



016 c.jpg



017 c.jpg



018 c.jpg



019 c.jpg



020 c.jpg



021 c.jpg



022 c.jpg



023 c.jpg



024 c.jpg



025 c.jpg



026 c.jpg



027 c.jpg



028 c.jpg



029 c.jpg



030 c.jpg



031 c.jpg



032 c.jpg



033 c.jpg



034 c.jpg



035 c.jpg



036 c.jpg



037 c.jpg



038 c.jpg



039 c.jpg



040 c.jpg



041 c.jpg



042 c.jpg



043 c.jpg



044 c.jpg



045 c.jpg



046 c.jpg



047 c.jpg



048 c.jpg



049 c.jpg



050 c.jpg

6. ANEXO PLANOS